

TÉCNICAS DE COMPOSICIÓN APLICADAS Á DIDÁCTICA

Profesor: Julia Dopico Vale

Curso 2015-2016

INDICE

| | |
|---|-----------|
| 1. CONTEXTUALIZACIÓN | 3 |
| 2. XUSTIFICACIÓN | 3 |
| 3. A QUEN VAI DIRIXIDA | 4 |
| 3.1 Coñecementos Previos..... | 4 |
| 3.2 Relacións os estudos de réxime xeral | 4 |
| 4. OBXECTIVOS XERAIS | 4 |
| 5. CONTIDOS XERAIS | 5 |
| 5.1 Secuenciación e temporalización dos contidos | 5 |
| 5.2 Mínimos exisibles para unha avaliación positiva por trimestre | 6 |
| 6. METODOLOXÍA | 7 |
| 7. RECURSOS DIDÁCTICOS.E MATERIAIS CURRICULARES | 9 |
| 7.1 Recursos espaciais | 9 |
| 7.2 Recursos materiais..... | 9 |
| 7.3 Recursos personais..... | 9 |
| 7.4 Recursos de organización | 9 |
| 7.5 Recursos do alumnado..... | 9 |
| 7.6 Recursos do tempo | 10 |
| 7.7 Materiais curriculares | 10 |
| 7.8 Tecnoloxías da información e da comunicación | 10 |
| 8. A AVALIACIÓN | 11 |
| 8.1 Criterios de avaliación | 12 |
| 9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN | 13 |
| 9.1 Procedementos de avalicación..... | 13 |
| 9.2 Criterios de cualificación | 14 |
| 9.3 Instrumentos de avaliación..... | 14 |
| 9.4 Proba para os alumnos con perda do dereito a avaliación continua..... | 14 |
| 9.5 Medidas de recuperación. | 15 |
| 9.6 Proba extraordinaria de setembro | 15 |
| 10. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES DE APOIO EDUCATIVO | 16 |
| 10.1 Alumnado extranxeiro..... | 16 |
| 10.2 Superdotación intelectual | 16 |
| 10.3 Alumnado con necesidades de apoio educativo..... | 17 |
| BIBLIOGRAFÍA BÁSICA. | 18 |

1. CONTEXTUALIZACIÓN

A Lei 2/2006, de 3 de maio, de educación, incide especialmente nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade proporcionar aos alumnos una formación artística de calidade. O Real Decreto 1577/2006, de 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

A materia Técnicas de composición aplicadas á didáctica non se recolle neste Real Decreto como materia de aspectos básicos aínda que sí a recolle o Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música específico para a comunidade autónoma de Galicia. O artigo 8 do antedito decreto dispón que as materias optativas terán como finalidade complementar o currículo, integrando os itinerarios educativos que o alumnado desexe cursar. Estas materias optativas ofrecidas polos centros estarán vinculadas a un ou varios itinerarios determinados.

A materia de técnicas de composición aplicadas á didáctica impartirase no 6o curso de Grao Profesional cunha duración dunha hora semanal.

2. XUSTIFICACIÓN

A presenza no grao superior da especialidade Pedagogía da Linguaxe e da Educación Musical, así coma a inclusión na proba de acceso á mesma dun exercicio compositivo con fines didácticos, xustifica a idoneidade desta materia como optativa no 6o curso de grao profesional segundo a LOE.

3. A QUEN VAI DIRIXIDA

Esta materia vai dirixida os alumnos e alumnas de 6º de grao profesional independentemente de que escollan ou non o itinerario de Pedagogía. Podería

resultar un reforzo para o alumnado que desexa acceder a outras especialidades que inclúan algún tipo de exercicio de composición.

3.1 Coñecementos previos

A finalidade desta materia consistirá en desenvolver no alumnado a capacidade de decidir que procedementos das técnicas compositivas son os máis axeitados para cada momento da composición. Os exercicios ou pequenas obras adecuaranse ás premisas didácticas, o que suporá aplicar os coñecementos adquiridos nos anos anteriores, especialmente os referidos á práctica harmónica. O obxectivo principal será desenvolver nos/as alumnos/as a capacidade de decidir que procedementos das técnicas compositivas son os máis axeitados para cada momento da composición. Deberán, así mesmo, ser capaces de resolver ditos procedementos con corrección e coherencia.

3.2 Relacións cos estudos de réxime xeral

Neste nivel a maioría dos alumnos e alumnas atópanse a piques de rematalo bacharelato ou veñen de rematalo. Algúns deles cursan o bacharelato musical para facer mais compatibles os seus estudos e poder flexibilizar os seus horarios.

4. OBXECTIVOS XERAIS

- a) Coñecer as técnicas compositivas e os procedementos básicos para a elaboración de exercicios e pequenas composicións.
- b) Coñecer os elementos da linguaxe musical e as súas aplicacións na práctica compositiva.
- c) Analizar obras de carácter didáctico e artístico que sirvan como modelo compositivo. Utilizar en exercicios escritos os elementos e procedementos estudados.
- d) Compoñer pezas breves partindo de: un motivo, unha melodía ou un texto dado.
- e) Desenvolver a creatividade compoñendo pezas libres.
- f) Valorar os elementos da linguaxe musical utilizados na composición, aplicándoos de xeito lóxico e coherente.

5. CONTIDOS XERAIS

- .Modulacións: diatónica, cromática e enharmónica.
- .Aplicación dos diferentes tipos de acordes.
- .Elaboración de fórmulas harmónicas e cadenciais.
- .Ritmo harmónico.
- .A forma. canon.
- .Procedementos de imitación, elaboración e transformación temática.
- .As notas alleas á harmonía.
- .Fórmulas rítmicas na elaboración de células, motivos, frases.
- .A melodía: relacións interválicas, direccionalidade, rexistro e fraseo.
- .Relación texto-música.
- A melodía acompañada.

5.1 Secuenciación e temporalización dos contidos

Primer trimestre:

- Aplicación dos diferentes tipos de acordes tonais básicos propios da tonalidade.
- Elaboración de fórmulas harmónicas e cadenciais básicas dos grados tonais.
- A forma simple : binaria, ABA, Canon.
- Procedementos de imitación elaboración e transformación temática.
- As notas alleas a melodía: nota de paso e floreo.
- Fundamentos psicolóxicos da educación musical
- Construcción de frases simples: Motivos, Periodos/frases.
- Consideracións melódicas: relacións interválicas, direccionalidade, rexistro e fraseo.
- Consideracións rítmicas: Fórmulas rítmicas na elaboración de células, motivos, semifrases e frases.
- Estudo analítico e auditivo dos elementos constituíntes na elaboración de motivos, frases/periodos.
- A forma binaria, ABA, Canon a niveis elementais:
- Os procedementos de imitación, elaboración e transformación temática.
- Traballo auditivo e analítico dos procedementos de imitación, elaboración e transformación temática.

Segundo trimestre:

Repaso do trimestre pasado mais:

- Modulacións : diatónicas cromáticas e enarmónicas.
- Aplicación dos acordes de cuatriadas . triadas aumentadas e diminuídas.
- ritmo armónico.
- Elaboración de melodías modais.
- As notas alleas a armonía: outras notas de adornos.
- A melodía acompañada: Construcción do acompañamento para a melodía:
Traballo auditivo e analítico da creación e utilización de acompañamentos.
Distintas fórmulas rítmicas para a creación de acompañamentos.
Patróns rítmicos.
- Pequenas formas binarias e ternarias enfocados a niveis medios:
Creación de pequenas formas binarias e ternarias, con fórmulas rítmicas ou melódicas para a elaboración de células, motivos ou frases.

Terceiro trimestre:

Repaso do trimestre pasado mais:

- Relación texto-música.
“As cores” da modalidade/tonalidade.
- A música tradicional e popular e a súa aplicación didáctica:
Modalidade/Tonalidade.
Traballo a partir de exemplos de música popular.
As formas, a armonía e ritmos característicos propios de cada estilo tradicional.

5.2 Mínimos exisibles para unha avaliación positiva:

Os mínimos exisidos para unha avaliación posidtiva de todo o curso será a suma dos mínimos a continuación detallados por trimestre.

Primer trimestre:

Construcción de frases simples : Motivos, Periodos/frases, cun rexistro medio, e intervalos propios da tonalidade , con células rítmicas básicas nos compasses tradicionais e cunha armonía simple baseada utilizando os grados tonais.

Procedementos de imitación elaboración e transformación temática na melodía.
Construcción de melodías a dúas voces polos distintos tipos de imitación contrapuntística..

A construcción de unha segunda voz a unha melodía.

A forma canon.

Segundo trimestre:

Construcción do acompañamento para unha melodía:

Estudo analítico da creación e utilización de acompañamentos.

Distintas fórmulas rítmicas para a creación de acompañamentos.

Patróns rítmicos

Terceiro trimestre:

Análisis dunha melodía tradicional

Creación dunha melodía tradicional con acompañamento.

NOTA: En cada trimestre requirirase a entrega dun mínimo exisíble de 5 traballos compositivos relacionados cos contidos expostos anteriormente.

6. METODOLOXÍA

A metodoloxía, nesta etapa da vida do estudante de música, xira ao redor de diferentes enfoques. Tales como o método de proxectos, que plantea ao alumnado situacións complexas con vistas a que intente resolvelas dun xeito creativo, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas propias experiencias. O alumnado partirá de globalizar, é dicir, de ter en conta todos os datos coñecidos (e que proveñen de distintas materias, incluso de diferentes niveis educativos, e dos seus propias coñecementos) con vistas a confrontalos para encontrar a mellor solución posible. Polo tanto, non se proporcionan directamente os coñecementos, senon que se lles ensina a manexar os que xa posúen para que poidan descubrir, coa axuda do profesorado, outras cousas.

A aprendizaxe por descubrimento é un método co que alumnado extrae as súas propias conclusións a partir da observación e rexistro de información, construindo deste xeito o seu propio aprendizaxe.

Á vez, o método científico parte do plantexamento do problema, seguido da formulación dunha hipótese, proba a través dun experimento, introdución das conclusións na teoría inicial e reaxuste da hipótese. Este último ten gran incidencia nestas ensinanzas debido á continua interacción práctica-teoría, o que unido ao desenvolvemento dos coñecementos do alumnado, precisa dunha base empírica.

A aprendizaxe significativa parte dos coñecementos previos do alumnado e a continuación se desenvolven contidos de forma estruturada e coherente de xeito que a posibilidade de construír novos aprendizaxes dependa do xa aprendido, tendo en conta que cada novo aprendizaxe aumenta a súa capacidade de aprender. Esta aprendizaxe debe propiciar situacións que sexan motivadoras para o alumnado ou que favorezan a potenciación da motivación que sinte, de xeito natural, ante o fenómeno musical. Á vez, crear contextos de aprendizaxe que lles obriguen a ter presentes os contidos xa coñecidos e garantir a construción de aprendizaxes significativas e en espiral a través da necesidade de recordar os coñecementos adquiridos previamente. Por iso, faise necesario volver sobre os contidos impartidos que se relacionen co que se está estudando no momento, así como sobre os coñecementos aprendidos noutras materias que apoiem a adquisición de aprendizaxes en cada momento. Salientar, asemade, a importancia de promover na aula un ambiente de intercambio, colaboración e interacción como motor de aprendizaxe.

7. RECURSOS DIDÁCTICOS E MATERIAIS CURRICULARES:

Os recursos didácticos, incluído as tecnoloxías da información e da comunicación, así como os materiais curriculares e bibliografía para o uso do alumnado serán empregados o longo de todo o curso na medida que se requira necesario para facilitarnos a tarefa de traballo da forma máis entendible, amena e productiva co fin de axudar a acadar con éxito os contidos e obxetivos da materia.

Estes recursos e materiais curriculares serán:

7.1 Recursos espaciais

O aula, exteriores do aula onde se poderán desenvolver actividades relacionadas coa materia tales como teatros, salas de concertos, etc...

7.2 Recursos materiais

Material didáctico do aula de repentización e acompañamento. Medios audiovisuais.

7.3 Recursos personais

Profesorado. Alumnado. Pais, nais ou tutores. Persoas da comunidade educativa.

7.4 Recursos de organización

Recursos da aula, recursos do profesorado que serán flexibles adaptándose ás actividades que estén realizando.

Existirá unha coordinación entre o profesorado das distintas materias do alumnado, así levaranse a cabo reunións para a unificación de criterios. Igualmente importante será a relación cos pais, nais ou tutores do alumnado.

7.5 Recursos do alumnado

Para o desenvolvemento das actividades do aula, o alumnado distribuirase en grupo-clase.

7.6 Recursos do tempo

A organización temporal adaptarase a unha hora semanal, aínda que esta adaptación flexibilizaríase tendo en conta os intereses do alumnado e as súas necesidades de aprendizaxe.

7.7 Materiais curriculares

Empregaremos distintos libros de texto que nos sirvan de apoio para analizar e elaborar os nosos traballos tales coma: Libro Pentagrama de grao medio editorial boileau. Lenguaje musical 5- 6 de enclave creativa. Armonía y análisis de 2º de Ignacio Sanchez, composición de Emilio molina. Cancionero tradicional gallego. Cds y partituras de música clásica.

Trabajamos con el programa informatico Finale para la creación de las composiciones. Y el midi para la escucha.

7.8 Tecnoloxías da Información e a Comunicación

A aula de traballo de esta asignatura contén ordenadores con acceso a internet o que nos facilita o labor facendo uso de ferramentas da rede para a escoita de determinadas pezas clásicas ou tradicionais que utilizaremos para o análise e como modelo das nosas creacións. Tamén leeremos artigos de pedagogía colgados na rede e outros programas de composición moi útiles nesta asignatura. A través destas tecnoloxías tamén usaremos os correos electrónicos para intercambiar exercicios ou dúbidas.

No curso actual, 2013-2014, o profesorado deste departamento estase a formar no uso da Pizarra Dixital Interactiva. Estas ferramentas serán empregadas como apoio audiovisual as explicacións, recomendación de materiais didácticos e webs relacionadas cos temas que se tratan, explicación de cómo se realizan determinados exercicios interactivos, aprendizaxe sobre a utilización de editores de partituras, etc.e utilización de “herramientas de autor”, investigando o emprego de novos recursos e os beneficios poden aportar ao proceso de ensino-aprendizaxe.

8. A AVALIACIÓN

A concepción da avaliación está en relación directa coa calidade do noso traballo coma docentes. Avaliar supón facer un seguimento puntual e riguroso do proceso de ensinanza – aprendizaxe, tratando de valorar adecuadamente os logros, reflexionando os medios postos para a súa consecución. Buscando tamén detectar enseguida os erros para corrixilos no momento e reconducir a situación; analizando que foi o que motivou o erro para non incurrir de novo nel.

Supón un cambio de mentalidade moi notable pasar do concepto de exame ao de avaliación. A avaliación é un cuidadoso proceso presidido por dous termos ineludibles: observación e reflexión. Observación diaria –con recollida precisa de datos que impidan o olvido e a confusión-do traballo de cada alumno e alumna, a súa evolución, a súa actitude ante a materia; os seus avances respecto a posición anteriores, erros ou estancamentos que poideran plantexarse.

Afrontar os problemas inmediatamente despois de orixinarse, reflexionando como facelo e compartindo co alumnado as nosas observacións, facéndoo partícipe e corresponsable da súa formación, impedirá perder o tempo que media entre o momento en que o erro se introduce nunha liña de comprensión e aquel –que pode ser moi distanciada no tempo- no que o detectamos. Neste proceso de reflexión non avaliamos somente o comportamento do alumnado senón tamén os procedementos que nos utilizamos, a idoneidade da programación, a precisión das nosas valoracións iniciais sobre cada alumno ou alumna, etc. É dicir, que avaliamos todos e cada un dos aspectos da tarefa, con implicación de todos os protagonistas e coas circunstancias e variables que operan nela.

A valoración por parte do alumnado do seu propio traballo é un elemento formativo de primeira orde, razón pola que sería interesante habituar aos grupos a actividades de autoavaliación así como de coavaliación e heteroavaliación. Valorarse a si mesmo, a compañeiros e profesorado, obriga a

xerar criterios para tal actividade. A avaliación require uns procesos no que existirá ineludiblemente un referente, para comparar e contrastar o nivel do alumnado co que consideramos idóneo, adecuado ou suficiente para falar de tres categorías de avaliación. Este referente é o obxectivo que nos propuxemos adaptado a cada nivel de coñecemento. Marcar un obxectivo supón coñecer a potencialidade formativa de dito obxectivo, a necesidade da súa adquisición por parte do alumnado e o nivel –secuenciación- que depende da altura académica na que o alumnado se encontre. Coñecer a potencialidade dun obxectivo supón, á súa vez, coñecer as razóns da importancia que lle adxudicamos, que pode ser en múltiples vías. Saber o grao de consecución dun obxectivo supón coñecer o punto de partida dese alumnado, apreciar os seus avances ou dificultades e o que facilitou uns ou, no seu caso, motivado outros. Supón analizar os procedementos que puxemos para os fins propostos. Autovalorar o que foi positivo e o que non, en ambos casos para afianzar ou corregir. En definitiva alude a una toma de consciencia rigurosa na que non só sae beneficiado o alumnado senón perfeccionado o profesorado.

Un dos recursos de que debemos dotarnos para facer un seguimento puntual da evolución do alumnado son os chamados “instrumentos de avaliación”, é dicir, aqueles cadernos, diarios, anotacións, que nos permitirán apoiar a nosa memoria á hora de xulgar. As formas poden ser varias tal como nos manuais de avaliación se describen en detalle pero, en todo caso, deben axustarse as nosas necesidades.

8.1 Criterios de avaliación

1. Aplicar as técnicas compositivas e os procedementos básicos para a elaboración de exercicios e pequenas composicións. Con este criterio de avaliación preténdese que o alumnado saiba utilizar as técnicas e procedementos estudados en propias composicións.

2. Saber definir os elementos da linguaxe e musical e as súas aplicacións na práctica compositiva. Con este criterio de avaliación comprobarase a capacidade do alumno para seleccionar os elementos da linguaxe musical máis adecuados na composición dos seus traballos.

3. Atopar mediante a análise de obras de carácter didáctico e artístico os elementos da linguaxe musical presentes nas mesmas. Mediante este criterio valorarase a capacidade de investigar e buscar recursos partindo da literatura musical analizada.

4. Saber utilizar, en exercicios escritos, os elementos e procedementos estudados. Avaliarase o grao de asimilación, e posta en práctica das técnicas estudadas.

5. Saber compoñer pezas breves partindo de: un motivo, unha melodía ou un texto. Preténdese que o alumnado aborde a composición de pezas breves con destreza e coherencia a partir dos elementos dados.

6. Amosar creatividade na composición de pezas libres. Valorarase a iniciativa do alumnado á hora de afrontar o proceso creativo e o interese das súas propostas.

7. Emitir xuízos críticos en canto á utilización dos elementos da linguaxe musical das composicións propias e alleas. Con este criterio de avaliación comprobarase a capacidade para valorar de xeito crítico e constructivo o emprego de elementos da linguaxe musical nas pezas compostas e analizadas.

9. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

9.1 Procedementos de avaliación

A materia está enfocada o traballo práctico da escritura, de maneira que a parte principal da avaliación basarase na realización de traballos de composición. Ademais será fundamental a realización dos análisis propostos na clase. A avaliación será consecuentemente continua, e basarase na regularidade da súa asistencia, na calidade, estética e creatividade dos seus traballos e no progreso demostrado o longo do curso por parte do alumno; así coma a súa actitude nas actividades de carácter colectivo realizada na clase. Polo tanto o traballo diario do alumno a través das revisións periódicas dos seus cuadernos

e dos traballos, así como preguntas e exercicios propostos para clase ou casa, e a actitude que teñan respecto á asignatura. Suporá: o 80% da nota a boa realización técnica–pedagóxica e estética dos exercicios realizados na aula e propostos polo profesor relacionados cos contidos trimestrais da materia (sendo éstos un mínimo de 5 por trimestre). E o 20% da nota será a actitude, interés e esforzo pola asignatura e o traballo.

9.2 Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación estarán sempre en concordancia cos contidos e obxetivos fixados na programación.

Para superar o curso, e trimestres, deberá al menos alcanzar unha puntuación mínima de 5 sobre 10; tendo para elo alcanzar os mínimos exixidos (ver apartado de mínimos) así coma a presentación dos traballos mínimos requeridos por trimestre. Tanto no traballo diario ponderado cun 80% coma na aptitude e esforzó ponderadas cun 20% a súa nota resultante será a media ponderada de ambos porcentaxes..

A avaliación será positiva sempre que se alcance a puntuación mínima de 5 e negativa por debaixo de 5, sobre a escala de 1 a 10.

9.3 instrumentos de avaliación:

- Observación da actitude e evolución do alumno.
- Análise dos seus traballos da clase e das tarefas complementarias a realizar fora da aula.
- Observación da participación e comportamento nas diferentes actividades.
- As probas específicas que se consideren necesarias.

9.4 Proba para alumnos/as con perda do dereito a avaliación continua

Deberá realizar unha proba única a finais de maio ou primeiros de xuño, que consistirá nun exercicio de composición pedagóxico a partir dunha proposta dada polo profesor relacionado cos contidos completos da materia. E mais a entrega dos traballos compositivos relacionados cos contidos da materia onde se reflexe un coñecemento dela así coma unha calidade estética e pedagóxica.

Ditos traballos entregaránse con 15 días de antelación e serán un mínimo de 7. Farase unha proba oral donde explicaría e xustificaría os elementos, procedementos e técnicas empregadas nos traballos entregados que foron realizados fora da aula, co fin de demostrar que foi o propio alumno o creador destes traballos.

Para unha avaliación obxetiva desta proba o alumno deberá ter un 5 en cada un dos 3 apartados: a ponderación destas notas será 40% para os traballos compositivos; 20% a proba oral e un 40% o exercicio de composición.

A duración desta proba non excederá de dúas horas e será convocatoria única.

9.5 Medidas de recuperación

A recuperación das probas obxetivas realizadas na aula realizaránse no seguinte trimestre. Esas probas serán igual as correspondentes aos trimestres. Se ao remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase unha proba final que seguirá o mesmo esquema que as probas trimestrais pero de todos os contidos da materia. A proba realizarase a finais do mes de maio na aula e no horario correspondente á materia a recuperar. De non superar esta proba, o alumno terá a proba extraordinaria de setembro.

9.6 Probas extraordinarias de setembro

Realizará unha proba única a, que consistirá nun exercicio de composición pedagóxica a partir dunha proposta dada polo profesor relacionado cos contidos completos da materia. E mais a entrega dos traballos compositivos relacionados cos contidos da materia onde se reflexe un coñecemento dela así coma unha calidade estética e pedagóxica. Ditos traballos entregaránse con antelación polo que o alumno terá que pór en contacto co profesor a principios do mes de xuño. De non entregarse estes traballos, non se permitirá a realización do resto da proba. Os traballos serán un mínimo de 7. Realizarase tamén unha proba oral donde o alumno explicaría defenderá e xustificaría os elementos, procedementos e técnicas empregadas nos traballos entregados con antelación co fin de demostrar que foi o propio alumno o creador destes traballos.

Para unha avaliación obxetiva desta proba o alumno deberá ter un 5 en cada un dos 3 apartados: a ponderación destas notas será 40% para os traballos compositivos; 20% a proba oral e un 40% o exercicio de composición.

A duración desta proba non excederá de dúas horas e será convocatoria única.

10. ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES DE APOIO EDUCATIVO

10.1 Alumnado extranxeiro

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado extranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumbres da súa cultura (ou pola diferenza cos plan de estudos, nalgúns zonas extremadamente ligados á práctica instrumental, case exclusivamente). O principio de integración para por cuidar as actividades plantexadas, intentando aproveitar os coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo, os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país...).

No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental das nosas ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos cuidarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de xeito que a súa integración se vexa favorecida.

10.2 Superdotación intelectual

Defínese como individuo superdotado a aquel que posúe aptitudes excepcionais e, polo tanto, é capaz dun rendemento superior á media. No Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para o alumnado superdotado intelectualmente, trata no seu artigo 9 sobre os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para o alumnado superdotado intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle

corresponda por idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica cara este alumnado.

É preciso distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Unha persoa ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para una faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados compre engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no Real Decreto 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o curso), de xeito que poida rendir segundo as súas propias capacidades.

10.3 Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación ao recursos materiais (tales como a necesidade de dipor o aula), ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, co que supón de adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, (son coñecidos numerosos exemplos de compositores ou de intérpretes discapacitados), pero si é habitual que se considere, erradamente, que o suxeto non responderá de xeito igual aos estímulos musicais que o individuo plenamente capacitado. Nada mais lonxe da verdade, xa que como facultade humana a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debída á sensibilidade. Pero, ademais, no alumando discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación (ou auto estimulación), ou sobre o xeito de asumir o seu problema.

BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- “Lecciones de entonación”. *Félix Sierra. Editorial Real Musical.*
- “Lenguaje musical para cantar”. *Félix Sierra. Mundimúsica ediciones.*
- “Lenguaje Musical”. *Félix Sierra. Editorial Real Musical.*
- “El lenguaje de la música” (1º, 2º, 3º e 4º grao elemental, 1º e 1º grao medio). *Ana Ma Navarrete Porta. Editorial Música didáctica.*
- “Tratado de armonía”. *J. Zamacois. Idea Música.*
- “Armonía tradicional”. *Paul Hindemith. Ricordi.*
- “Tratado de armonía”. *Heinrich Schenker. Real Musical.*
- “Armonía”. *Diether de la Motte. Labor.*
- “Armonía”. *Walter Piston. Idea Música.*
- “La música del Siglo XX”. *Robert P. Morgan. Akal.*
- “El ruido eterno”. *Alex Ross. Seix Barral.*
- “Formas Musicales”. *Zamacois. Span.*
- “Análisis Musical”. *Margarita y Arantza Lorenzo. Boileau.*
- “Guía Analítica de Formas Musicales para estudiantes”. *Llacer Pla. Real Musical*